

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión ordinaria do 17.12.2018, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre a declaración de festa de interese turístico de Galicia da *Feira do Poldro e Gando do Monte*:

## “INFORME SOBRE Á DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DA FEIRA DO POLDRO E GANDO DO MONTE

### ANTECEDENTES

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu o expediente relativo á declaración de festa de interese turístico de Galicia da **Feira do Poldro e Gando do Monte**, para a emisión do preceptivo informe, achegando a seguinte documentación:

- Solicitud do 31.01.2018
- Acordo Plenario do 11.01.de 2018
- Memoria explicativa
- Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 03.04.2018
- Informe da Área Provincial de Turismo da Coruña do 15.05.2018
- Informe da subdirección xeral de Protección do Patrimonio Cultural do 28.03.2018
- Informe da subdirección xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria do 02.04.2018

### CONSIDERACIÓNS

#### I. Competencia

Emítase este informe sobre a declaración da **Feira do Poldro e Gando do Monte (Concello de Muras)** como Festa de interese turístico de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese

turístico de Galicia, e no artigo 6.1 b) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia.

## II. Marco xurídico

1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93, que se atopa no título VII “Promoción e fomento do turismo”, no capítulo II “Medidas de promoción e fomento”, as Festas de interese turístico de Galicia, dispoñendo:

*“Artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.*

*A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar Festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.*

*Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.”*

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de Festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) Antigüidade: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos.

b) Singularidade: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.

c) Arraigamento: elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas

accións que permitan dar a coñecer ao maior número de persoas posibles a celebración do evento, xa sexa mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.

f) Continuidade no tempo. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

**3. Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes criterios de valoración:**

a) A facilidade de acceso, tendo especial valor aqueles eventos que procuran a maior accesibilidade, integración e participación do conxunto da poboación, con consideración, así mesmo, da perspectiva de xénero, tanto á acción festiva en si mesma como aos servizos necesarios para a súa celebración.

b) A estética, valorarase posta en escena da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e infraestrutura onde se celebre e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento tales como toldos e elementos decorativos.

c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares.

d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza.

e) A calidade dos actos que configuren a celebración.

f) A creatividade e innovación na celebración do evento.

g) O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes.

h) A afluencia de visitantes.

i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa.

**4.** No que respecta ao informe preceptivo e non vinculante que debe emitir o Consello do Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de

valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración.

### III. Procedencia da declaración

1. Cumprimento dos **requisitos establecidos no artigo 3** do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro.

- **Antigüidade:** Na memoria achegada sinálase que esta celebración ven desenvolvéndose dende 1988 de xeito ininterrompido logo de ser aprobada a súa celebración en Comisión de Goberno. Celébrase o último domingo de setembro. Muras é un municipio gandeiro, con grande cantidade de reses de pastoreo libre, que carece de comercialización e promoción adecuada, polo que esta feira xurde co afán de promocionar este tipo de carne.
- **Singularidade:** A singularidade desta festa está enfocada na exaltación e comercialización do produto como é o poldro e a súa carne, produto autóctono, criado en liberdade e cunha alimentación completamente natural, por esta razón, dende o amencer ata pasado o mediodía, a actividade principal á que atende a organización é a compra-venda de gando, logo do xantar, dáse paso a unha tarde máis lúdica con carreiras, espectáculos ecuestres e festa.
- **Arraigamento:** Trátase dun evento cultural de valor etnográfico no que segundo a memoria o seu éxito vén dado, pola grande colaboración dos gandeiros da zona que con gran esforzo acurran e trasladan os animais ata o recinto da Feira. Así mesmo hai que ter en conta que o organizador desta feira foi dende os seus inicios o concello. Por outra banda, e de xeito ininterrompido, os veciños de Muras asisten a esta feira como si dunha festa patronal se tratase.
- **Accións promocionais:** Consta documentación presentada sobre as accións de promoción realizadas. Indícase na memoria que a Feira do Poldro e do Gando do Monte é ben coñecida a nivel comarcal e rexional. Destaca a cobertura informativa en radio Onda Cero dos últimos anos, así como a través de cartelería, prensa escrita como A Voz de Galicia ou o Progreso, prensa específica como son Campogalego e Destino Galicia e TV autonómica.

Cumpren co requisito de contar cun mínimo de 10 accións promocionais nas últimas 5 edicións da festa.

- **Valor cultural:** Tal como se resalta na memoria preséntase como unha festa de alto valor etnográfico. Segundo o informe asinado polo Cronista Oficial da Cidade de Viveiro Carlos Francisco Nuevo Cal, a importancia do cabalo na zona aparece confirmada xa nos asentamentos castrexos onde hai petróglifos que representan greas de cabalos en liberdade. A diferenza das tradicionais “rapas das bestas”, nesta feira non se realiza o corte das crinas nin o marcado do gando, senón que o obxectivo da mesma é vender os poldros e o gando vacún que os distintos gandeiros da bisbarra teñen ceibos nos montes da contorna durante todo o ano.
- **Continuidade no tempo:** Segundo se sinala, esta festa ven desenvolvéndose de maneira ininterrompida dende hai case trinta anos o cuarto domingo de setembro. Queda acreditado o cumprimento do requisito da continuidade no tempo.

## **2. Criterios de valoración**

Para a valoración desta solicitude téñense en conta os seguintes aspectos:

- **A facilidade de acceso:** Muras está situado nos cumios máis elevados da Serra do Xistral. A vía de comunicación máis importante é a LU-540 que atravesa o municipio de Norte a Sur, e dálle acceso a Lugo, Vilalba, Viveiro e As Pontes.

Muras atópase a 75 km de Lugo. A través da AG-64 comunícase tanto coa comarca de Ferrol como coa de Vilalba, que permite tomar a Autovía Transcantrábica A-8 que conecta Galicia con Asturias, Cantabria e País Vasco.

Respecto á accesibilidade, na memoria se indica que o lugar onde se celebra a festa é accesible para persoas con mobilidade reducida, así como que o número de aparcadoiros é suficiente. Indica tamén que se artella un plan específico de tráfico e seguridade durante as datas da festa; plan desenvolvido polo concello en colaboración co Servizo de Protección Civil de Orol.

**A estética:** A festa se celebra nunha contorna natural de gran atractivo, como é o alto da Gañidoira. Esta feira, segundo se reflicte na memoria, apostou pola estética tradicional,

recorrendo sempre á madeira para facer as construcións, a caseta da entrada, os peches dos curros, os letreiros, etc. Aínda así, sempre se busca respectar o piñeiral e as súas árbores, así como a beleza salvaxe da Gañidoira.

**Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares:** Trátase dun evento cultural que rememora as feiras de gando tradicionais de antano como principal circuío de comercialización do mesmo. A tradición dos agricultores e gandeiros da zona era reunir en curros unha ou dúas veces ao ano o gando, onde as crinas dos cabalos eran raspadas para a súa posterior venta.

**O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza:** A contorna na que se celebra a Feira é un piñeiral sito na Gañidoira, na marxe da estrada LU-540, pertencente á Serra do Xistral, declarada Espazo Natural Protexido. Neste lugar, en datas anteriores á celebración, sinala a memoria que as brigadas municipais habilitan os curros para o gando, así como os aparcadoiros, o recinto para os toldeiros e a gastronomía e se ocupan da dotación de auga e luz en todo o recinto. Nos días posteriores, procédese á retirada de todos estes elementos, de xeito que o piñeiral queda no seu estado natural. Cando remata a feira, realízase un informe onde se fai a valoración do impacto ambiental e se valoran e analizan os danos sufridos, para logo indemnizar ós propietarios que cederon os terreos para celebrar a feira e a carreira de cabalos.

**A calidade dos actos que configuren a celebración:** Aínda que esta feira mantén a súa esencia, coa compravenda do gando cabalar, tamén se dan actividades paralelas como son a degustación de carne de poldro e as carreiras de cabalos, que congregan a unha grande cantidade de público e participantes. É tamén de destacar a innovación na evolución dos actos que se van consolidando edición tras edición, a través de, entre outros, exposicións de fotografías e recortes de prensa que apelan á traxectoria vital da feira.

**A creatividade e innovación na celebración do evento:** Ó longo das distintas edicións fóronse incorporando actividades como a demostración de doma clásica e exposición de razas autóctonas. Segundo a memoria, dado o éxito da feira, nos últimos anos ampliouse a esta a dous días. Ademais, fanse xogos ecuestres onde a habilidade do cabalo é a protagonista.

Co fin de darlle un maior valor ó produto da zona, nas últimas edicións gañaron relevancia os postos específicos de razas autóctonas como: PURAGA (Asociación do Cabalo de Pura Raza Galega), a Galíña de Mos, o Porco Celta, a Asociación de Can de Palleiro, etc.

No ano 2017, como novidade, organizáronse unhas xornadas informativas co lema “Gandería, lobos e espazos protexidos” e un roteiro divulgativo denominado “Observación dos cabalos no Xistral”. Nesta última edición levouse a cabo na degustación de carne de poldro un showcooking sobre a hamburguesa da Gañidoira.

**O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes:** Ó ser un evento que se celebra ao aire libre e nun entorno natural, todas as infraestruturas e equipamentos necesarios se montan expresamente: aparcadoiros, carpas, instalacións de auga e luz e os curros para o gando cabalar. Todas estas infraestruturas tratan de manter, na medida do posible, unha estética tradicional, recorrendo a materiais naturais como a madeira para facer as construcións da feira.

**A afluencia de visitantes:** Segundo o informe que se xunta na memoria achegada, emitido por Protección Civil de Ourense, nas últimas edicións a afluencia de persoas nos actos principais aproxímase ás 2.000 persoas, cifra que, segundo a memoria presentada, cada ano vai en aumento e sempre en función da meteoroloxía. O cálculo realízano en función da capacidade dos aparcadoiros e collendo unha media de dous viaxeiros por coche.

**A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa:** O propio Concello de Muras adopta unha serie de medidas a través da disposición dos medios humanos que ten dispoñibles. Conta coa colaboración de Protección Civil de Ourense que se coordina coa garda civil e de tráfico. Por outra banda, varios técnicos veterinarios se encargan de velar pola seguridade dos animais. O concello tamén se coordina con empresas privadas para o apoio e mantemento dos servizos públicos facilitados. Así mesmo, as diferentes asociacións de animais de razas autóctonas participan na achega de ideas organizativas.

**Orzamentos destinados á celebración nas últimas 5 edicións:** Veñen descritos e xustificados na memoria presentada xunto coa solicitude de declaración de festa de interese turístico de Galicia os orzamentos das últimas 5 edicións.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia, propón

## INFORMAR

**Favorablemente** a declaración como festa de Interese Turístico de Galicia o evento denominado *Feira do Poldro e Gando do Monte*”.